

## **NORMAS BÁSICAS**

A Biblioteca Pública Municipal de Ames é un servizo público dependente do Concello que presta os seus servizos nas súas sedes de Bertamiráns e do Milladoiro.

### **Utilización da Biblioteca:**

O uso da biblioteca é libre e aberto a toda a cidadanía. A lectura en sala non precisa de ningún requisito.

Para a utilización de outros servizos da biblioteca: empréstimo de documentos ou uso dos computadores públicos requírese estar asociado á biblioteca.

### **Para asociarse é necesario:**

- Preencher a ficha de inscrición cos datos persoais
  - o Os menores de 16 anos ademais deberán contar con autorización paterna ou materna.
- Fotocopia do DNI
  - o Os menores de 16 anos copia do DNI de seu pai, nai ou titor.
- 2 fotos

### **Uso de internet:**

Só se poderán utilizar os computadores de uso público durante un máximo de 1 hora diaria. Se houber outros usuarios en espera o tempo máximo de uso será de 30 min.

### **Empréstimo de documentos:**

Poderanse levar en empréstimo un máximo de 3 documentos, dos cais máis de 2 non poderán ser materiais especiais (CD-ROM, CD-Audio, DVD...)

- Os libros empréstanse durante **15 días** podendo ser renovados por outros 15 días máis.
- Os materiais especiais só se emprestan durante **3 días** sen posibilidade de seren renovados.

### **Desideratas:**

Os usuarios poderán realizar, a través das follas de desideratas, **suxestións** e **reclamacións** sobre os servizos e **propostas de adquisición** de novos documentos.